



Náufragos/as sostidos/as e liberados/as. A vulnerabilidade na Biblia

Carme Soto Varela¹

Unha das iconografías da virxe do Carme que máis me impressiona é a que a representa nunha barquiña sacando os náufragos do mar e impresioname porque, máis aló dos significados relixiosos que se lle asocian na relixiosidade popular, a imaxe sempre me fala desa mestura entre a seguridade e a incerteza, o drama e a confianza, o fracaso e a salvación. Todos os compoñentes que deseñan a experiencia humana da vida e que nos obrigan a facer a fonda experiencia de ser náufragos e náufragas á procura dun lugar seguro, dunha terra firme, de atopar sostén e acougo no mar da vida.

Os relatos bíblicos están continuamente atravesados por esa experiencia. Máis ca calquera afirmación relixiosa que deles se poida extraer, o que realmente impacta ao longo das súas páxinas, é como neles se mestura a fragilidade e a fortaleza, a vulnerabilidade e o fracaso, nun proceso que mostra a fráxil realidade humana, mais á vez a presenza dun Deus que acompaña, espera, perdoa e viste a nosa impotencia de esperanza e de amor.

Atoparse coas historias das mulleres e dos homes dos que a Escritura fai memoria, é recoñecer a vida humana como unha vulnerabilidade habitada, mais ao tempo lémbra-nos que sempre

1 Carme Soto Varela é Licenciada en Historia pola USC e Doutora en Teoloxía na especialidade de Sagrada Escritura pola U.P. Comillas. Forma parte da Asociación de Teólogas Españolas e da Asociación Bíblica Española. Ten colaborado en diversas publicacións das coleccións «Aletheia» de Verbo Divino e «Sofía», de PPC. Tamén é membro do Consello de Redacción das revistas *Encrucillada* e *Reseña Bíblica*.

estamos ameazadas e ameazados de recibir algún dano, de sufrir feridas ou de atoparnos co abismo da destrución e da aniquilación. Mais aí tamén descubrimos a nosa capacidade de resistir, de mergullarnos nas augas calmas do sentido e da dignidade² e sobre todo de facer encontro cun Deus que sempre está á procura de ofrecernos a súa palabra de alento e de dicirnos que somos as súas criaturas amadas.

Entre as múltiples posibilidades que os relatos da Biblia ofrecen para falar de vulnerabilidade, vou destacar algunhas experiencias que penso poden exemplificar tres aspectos desa vulnerabilidade que nos define como criaturas finitas e fráxiles, mais profundamente sostidas nas amorosas mans de Deus: a vulnerabilidade sentida, a vulnerabilidade vulnerada e a vulnerabilidade habitada.

Deste modo podemos percibir como esta categoría existencial percorre toda a Biblia detrás de todas esas historias que falan de persoas que caen e que se levantan, que aman e que traizoan, capaces da máxima crueldade mais tamén do máis puro amor. Xente cotiá e grandes heroes ou heroínas que nos lembran que non estamos sos aínda que ás veces o sentimos.

1.- A vulnerabilidade sentida: espidos/ as na noite pero sostidos/as na vida

A experiencia de ter que afrontar a invisíbel ameaza dun virus que paralizou a nosa vida en todos os sentidos, puxo fronte a nós unha realidade que moitas veces tiñamos esquecido, a de que somos vulnerábeis. Acoller esa vulnerabilidade non é doado porque nos pon diante do radical abismo da intemperie, onde non atopamos nada que nos poida soste e a escuridade convértese na única compañía.

Esta realidade existencial aparece moitas veces na Biblia, simbolizada na imaxe da nudez. Unha imaxe que remite tanto a unha

2 LOLA ARRIETA, «Me has consolado y me has hablado al corazón (Rut 2, 13). Acompañar en las periferias existenciales», en LOLA ARRIETA - ELISA ESTÉVEZ (coord.) *Acompañar en las periferias existenciales. I Círculos de Encuentro Marisa Moresco*, Narcea, Madrid 2020, 103-104.

experiencia física como existencial. Nos relatos das orixes, cando Adán e Eva transgreden o mandato divino, senten vergoña porque están espidos un fronte á outra. (Xn 3,7). Esa constatación non está principalmente na toma de conciencia da súa sexualidade³, senón na exposición á mirada do outro do propio límite como criatura, do seu imposíbel afán de control da vida, de dominio e de infinidade.

Mais esquecemos moitas veces nese relato que Deus non os abandona na difícil peregrinaxe da vida que están a piques de iniciar tras a transgresión. O texto, case sen levantar a voz, dinos que Deus lles deu túnicas de pel para se vestiren (Xn 3, 21). Este sinxelo xesto anuncia a continua atención e a dedicación de Deus á humanidade en cada camiño que emprenda para ben ou para mal⁴.

Na nosa cultura pensamos a miúdo que a experiencia do límite na vida é sinónimo de fracaso. Sen embargo, desde a perspectiva bíblica os límites son o espazo en que é posíbel o desenvolvemento da existencia do ser humano. Esta idea é a que recolle o termo *basar*, que significa carne mais que quere expresar a realidade física da persoa que nace contextualizada, delimitada e condicionada por ser corpo. Acollerse na vida dende esta dimensión e para a Biblia é ter conciencia do límite, mais tamén das posibilidades. Doutro xeito, a vida crebarase e pecharanse as posibilidades de felicidade persoal e colectiva.

Toda a tradición sapiencial afonda nesa constatación radical da fragilidade humana, que a fai navegar entre a angustia e a esperanza, entre o sublime e o vil, e busca atravesala dende os seus marcos culturais e relixiosos ofertando mapas que orienten nese bosque en que tantas veces nos atopamos espidos/as e vacilantes.

O sabio ou a sabia israelita entende que «saber» é respirar ben a vida e facelo ao ritmo de Deus, de xeito que poida acoller os seus límites, a súa vulnerabilidade, e abrirse á vida con responsabili-

3 WILLIAN LOADER, *The Septuagint, Sexuality, and the New Testament. Case Studies on the Impact of the LXX in Philo and New Testament*, Grand Rapids/Cambridge 2004, 44-45.

4 Cf. K. A. CULP, *Vulnerability and Glory. A Theological Account*, John Knox Press, Louisville Kentucky, 2010, 2-3.

dade e con confianza e colabore a que a comunidade poida tamén ser espazo de xustiza e de equidade⁵. Xob, por exemplo, aprende por experiencia que a vida moitas veces é dura, moi dura, pero que no medio do sufrimento Deus móstrase entregado á súa causa e por iso máis aló do misterio, que sen dúbida existe, o feito de que Deus, contando cos desafíos dos límites que supón ser criatura, non dubidou en crearnos. Por iso, dende a vulnerabilidade sentida pode proclamar: «Coñecíate eu de oídas, mais agora contéplante os meus ollos» (Xob 42, 5).

2.- A vulnerabilidade vulnerada. Feridos/as polo mal curados/as polo amor

Nese encontro vital con Deus, a ferida do mal transforma esa vulnerabilidade radical nun peso que deixa encurvada a vida, débil a esperanza e escurecida a mirada. O relato de Caín e Abel impacta non só pola crueldade da acción que Caín perpetró contra Abel, senón tamén pola resposta insensíbel que Caín dá a Deus cando lle pregunta polo seu irmán: «Son eu o garda do meu irmán?» (Xén 4, 9).

Deus previamente advertira a Caín da súa fragilidade:

Por que te alporizas e andas coa testa baixa? Se fas o ben, poderás levala ergueita. Se non o fas, xa o pecado rolda á túa porta, está ao axexo. Pero ti pódelo dominar (Xén 4, 6-7).

O consello de Deus non impide que este home produza uns dos males máis terribes que un ser humano pode facer a outro: quitarlle a vida. Sen embargo, Deus, a pesar da súa indignación, de que lle pon diante as consecuencias da súa acción (Xén 4, 10-14), non o deixa orfo, non permite que a vida se vingue del. Deus márcalo cun sinal que fai visíbel o seu coidado e en definitiva o seu amor gratuíto (Xén 4, 15-16).

5 FRANCESC RAMIS, *Los Sabios testigos del Dios de la vida. Guía para una lectura comunitaria de los libros sapienciales y los Salmos*, Verbo Divino, Estella 2003, 23-40.

Nesta historia atopamos un modo de ser de Deus que se irá progresivamente desenvolvendo nos textos bíblicos e que mostra que para Deus a maior vulnerabilidade da existencia humana non é a que súa condición de criatura trae, senón a que é causada polo mal perpetrado ou asumido. Oseas, que viviu fundamente o límite do fracaso e sentiu radicalmente a impotencia de ver vulnerada a súa dignidade na relación coa súa amada, aprendeu a entender como estaba Deus no mal producido e como acompañaba cando o pobo se afastaba del por escoller o mal fronte ao ben. Maxistralmente lembra que Deus, por moi fracasada que sexa a nosa existencia polo mal, nunca deixa de amarnos:

O meu corazón revólvese contra min, ao mesmo tempo que a miña compaixón se conmove. Non provocarei o incendio da miña ira, pois son Deus, e non ser humano (Os 11, 9).

No deserto, Agar, a escrava estranxeira que foi violentada nos seus dereitos e na súa vontade, recibe unha promesa persoal e é chamada polo seu nome. O seu encontro co «que ve na aflición» (Xén 29,32) non supón só un consolo espiritual, ou unha axuda na resignación ante o sufrimento, senón que é unha acción decidida de Deus que transgride o que se espera del (ser o Deus da promesa patriarcal), para poñerse do lado de quen perdera as opcións, de quen xa non era apta para a promesa, de quen estaba fóra, de quen non tiña dereito, comprometendo a súa palabra máis aló do esperado (Xén 16, 1-16; Xén 21, 9-21).

Agar convértese así en memoria subversiva dun Deus que mira desde a exclusión, que nega os espazos fronteirizos e que se constitúe en valedor dos e das sen voz, outorgándolles unha palabra autorizada, persoal e intransferíbel para nomealo.

Agar púxolle nome ao Señor que lle falara: «Ti es o Deus da miña visión». Pois razoaba para si: «Non vin eu tamén aquí a quen me ve?» (Xén 16, 13-14).

Ese é o Deus que quere encontrarnos na vulnerabilidade vulnerada, no reverso de calquera sistema. Ese é o Deus que se mani-

festa como *hesed*, é dicir, como fidelidade, lealdade, bondade⁶ e non abandona nunca a obra das súas mans.

Marcos, nos primeiros capítulos do seu evanxeo, presenta a Xesús no medio dunha actividade frenética, a súa sona esténdese por toda Galilea (Mc 1, 28) e a xente vai na súa procura (Mc 1, 37). Nun momento determinado preséntase ante el un gafo (Mc 1, 40-45) que lle di: «Se queres pódeme limpar». A petición é significativa. Non se trata de ser curado só dos efectos físicos da enfermidade (como nós quizais poderíamos interpretar), senón do estigma que supón ser gafo. Xesús, di o texto, «Sentiu que se lle conmovían as entrañas, alongou a man e tocouno, dicindo: Pois quero, queda limpo» (Mc 1, 41).

Este home non só sufría pola enfermidade senón especialmente porque a mesma facíao impuro social e relixiosamente. O libro do Levítico estipulaba:

«O enfermo de lepra andarás coa roupa esgazada e a cabeza descuberta. En troques tapparás cun veo a súa barba, e irá berrando: Impuro, impuro! Todo o tempo que dure a chaga será considerado impuro, porque o é, e vivirá arredado, fóra do campamento da súa morada» (Lev 13, 45-46). Só cando se comprobaba que estaba curado, un complexo ritual celebrado polo sacerdote (Lev 14, 1-32) integrábao de novo social e culturalmente⁷.

Ante esta situación de extrema impureza, Xesús séntese afectado polo sufrimento daquel home e conmóvenselle as entrañas, unhas entrañas que son as de Deus, un Deus que xa desde o Antigo Tes-

6 LUCÍA RAMÓN, «El Hesed de Dios en el Antiguo Testamento», *Reseña Bíblica*, 25, (1997), 53-63.

7 O Templo de Xerusalén representaba o espazo santo por excelencia e reflectía de forma simbólica pero eficaz o como, o cando e o onde unha persoa podía participar do culto e por tanto da relación con Deus, en función do grao de pureza asignado (Esd 2, 2-58; Neh 7, 7-60). De aí deducíase unha serie de categorías de persoas que ían do máis puro (cregos) ao máis impuro (pagáns) e que tiña a súa réplica en animais, obxectos, lugares e tempos. A vivencia harmónica destas leis supoñía prosperidade e aseguraba a presenza de YHWH no medio do seu pobo. Todo o que non podía ou non quería cumprilas supoñía un perigo que había que neutralizar. Cfr. JOAQUÍN JEREMÍAS, *Jerusalén en tempos de Jesús*, Madrid, 1977.

tamento se definía como misericordia (Ex 34, 6), unha palabra con raíces hebreas (*rah^amîm*) que evocan o seo materno (*réhem*) e con el o amor tenro dunha nai⁸.

A súa forza sandábel agroma, daquela, como amor materno, disposto a saltar calquera fronteira e tocar a impureza. O seu xesto manifesta as preferencias de Deus e o seu empeño de ir máis aló dos tempos e dos espazos sacros que lle queren asignar. Mais a súa acción desafiaba os códigos legais do seu pobo e é enviado fóra, ao despoboado (Mc 1, 45). A súa palabra eficaz reconciliara aquel home con Deus e co mundo (Mc 1, 44), mais, paradoxalmente, poñíao agora a el no espazo impuro. Xesús toca a vulnerabilidade vulnerada deste home e faise con el vulnerábel.

Este texto, xunto con moitos outros que poderíamos evocar, lémbra-nos cantas veces deixamos a Deus nos espazos sagrados intocábeis, ou sentímolo poderoso nos marcos dos nosos ritos e pre-garias. Cantas veces o atamos aos nosos códigos relixiosos, cantas veces lle exiximos que cumpra as normas que nós lle impoñemos porque así pensamos que todo estará en orde! Mais, cando menos agardamos, Deus pasa ao outro lado e desafíanos a baixar das nosas alturas, das nosas seguridades «de xente de ben», a saír dos nosos lugares seguros para atopalo na precariedade, na fragilidades daqueles e daquelas que padecen o mal, de quen a inxustiza humana fixo naufragar na existencia⁹.

A memoria de Xesús nos evanxeos lémbra-nos que Deus se fixo vulnerábel para acoller a nosa vulnerabilidade e invítanos a arriscar a nosa fe, a buscalo nas beiras do fracaso e atopalo aí sandando e reconstruíndo o que parecía perdido, acollendo o que fora des-prezado, erguendo a quen xa se consideraba sen futuro.

Xesús proclama un Deus que escolle os/as pequenos/as, os/as sinxelos/as e ofértalles esperanza e salvación na súa mensaxe e

8 Cfr. ELISA ESTÉVEZ, «De ternuras y fidelidades», en: Isabel Gómez Acebo (ed.) *Así vemos a Dios*, Bilbao, 2001, 244.

9 CARMEN SOTO VARELA «La frontera, lugar de encuentro con Dios» *Confer*, 169, (2005), 75-90.

nos seus feitos. Un Deus que está sempre á procura dos/as máis desvalidos/as, dos/as pobres, dos/as marxinados/as que non teñen a quen acudir, por iso as súas curacións, os xantares con pecadores/as, a súa denuncia da inxustiza son expresión da preferencia do seu *Abba*. El recoñécese como fillo dun Deus pai e nai que o envían, e invita a todos e a todas a recoñecerse tamén nesa filiación. Mais sabe, da mesma maneira, que uns poucos oprimen, abusan e escravizan a moitos e que a relixión moitas veces se converte nunha carga que dobra a vida, que impide atoparse con ese Deus que consola, perdoa e salva.

Na nosa sociedade e, por desgraza, mesmo na nosa Igrexa seguimos etiquetando como impuros/as, profano/as, sacrílegos/as moitos seres humanos, cargados co estigma da súa sexualidade, das súas crenzas, do seu pasado. Mais, neles e con eles, Deus manifesta as súas entrañas maternas, sobre eles pousan as súas ás protectoras, pois el é o «Deus dos humildes, o socorro dos pequenos, o protector dos que se ven abandonados, o salvador dos que xa non teñen outra esperanza» (Xudit 9, 11).

3.- A vulnerabilidade habitada. Sostidos/as nas boas mans de Deus

A nosa fe en Deus fai que a vulnerabilidade, nacida da nosa condición de criaturas e do límite no que a nosa existencia medra, non sexa unha parede na que estoupa a esperanza facendo anaquiños toda posibilidade de horizonte ou de consistencia vital. Esa certeza posibilitáanos tamén acompañar e posibilitar que os que están a piques de afogar no medio da inxustiza, da dor ou da miseria, atopen terra firme onde reconstruír a súa vida acougando no presente e esperando no futuro.

Cando Isaías camiña cara ao encontro do rei Acáz, que está organizando a defensa de Xerusalén ante o avance das tropas asirias, lévalle unha mensaxe de confianza de parte de Deus animándoo a que calme o medo que está a estremecer o seu corazón e mais o corazón de todo o pobo (Is 7, 2) ante as terríbeis novas que poden levalos á destrución. Na conversa co monarca, o profeta

pídelle realismo, mais tamén esperanza: «Atento: ten moita calma, non teñas medo, e que o teu corazón non afrouxe por eses dous tizóns que fumezan» (Is 7, 4). Isaías quere poñer diante do rei a gravidade da situación e a previsíbel derrota fronte a Siria e aos seus aliados, mais Acaz non está por soste a súa vida en Deus, de acoller con realismo o que está ocorrendo, e busca sosterse nas súas propias forzas porque no fondo non se fía da resposta de Deus (Is 7, 11-12). No diálogo que manteñen o rei e o profeta, hai unha afirmación clave para entender cal ha ser a actitude que estamos chamados e chamadas a cultivar cando a adversidade, a fragilidade, a culpa, o fracaso ou os erros nos poñen no límite da existencia. Isaías lembra ao dirixente de Xudea: «Se non te arriscas a confiar, non experimentarás que es fundamentado» (Is 7, 9)¹⁰.

Esta afirmación cuestiona moitos modos de crer e, sobre todo, pon a proba as nosas crenzas cando a nosa vida é abaneada por calquera circunstancia e sentímonos vulnerábeis. Aí emerxe un Deus que sostén a vida sempre e en todo momento, mais só podemos experimentalo se nos arriscamos a confiar nel.

Esa confianza sostida desde unha vida que se sabe vulnerábel pero profundamente acompañada e impulsada por un Deus pai/nai que nunca esquece a ningún dos seus fillos e a ningunha das súas fillas, aparece maxistralmente recollida no discurso das Benaventuranzas, nas que non se pretende describir un estado ideal, nin enumerar os agasallos que se recibirán por perseverar no sufrimento, senón que presentan ante nós un horizonte diferente de vivir e de afrontar as ameazas do mal e os riscos do compromiso e desde onde acoller a nosa vulnerabilidade e a de os demais.

O sermón do monte invita a imaxinar un mundo alternativo no que a opresión ceda ante a misericordia, no que as relaciones sexan

10 Esta frase nas biblias xeralmente tradúcese de forma máis conceptual: «Se non credes non subsistiredes» e pérdese o dinamismo experiencial que ten o uso do verbo hebreo *aman* que é o que dirixe a acción demandada ao oínte e que se pode traducir (dependendo do tempo verbal) como soste, confiar, arriscar, verificar... Por iso para manter a fidelidade co horizonte da afirmación hebrea propoñemos esta tradución.

xustas e equitativas e todas e todos poidan acceder aos recursos dispoñíbeis. Non é cuestión de alcanzar alturas espirituais, senón de entregar a vida para facer posíbel un mundo diferente, un mundo acorde co soño do Reino de Deus.

Xesús, ao proclamar as benaventuranzas, invítanos a reimaginar os lugares que habitamos. Chámanos a pensar e a vivir desde outros valores, con outras prácticas que, sen dúbida, non nos situarán nos centros de poder senón nas beiras da historia, porque non harmonizan co que a maioría pensa. Ao escoitalas con atención atopamos condicións e condutas que Deus valora como honorábeis e, por tanto, quen queira formar parte da comunidade do Reino, ten non só que valorar e estimar senón convertelas en sinais de identidade.

As benaventuranzas sitúannos nun espazo alternativo desde o que ter unha nova perspectiva da realidade e de Deus. Este novo espazo é o que Xesús chamou Reino de Deus, e as benaventuranzas son centrais para imaxinar ese lugar. Mais dicir que o Reino de Deus é un lugar imaxinado non significa que sexa inventado, senón que cando nos situamos ante el, desde a perspectiva da Boa Nova que Xesús proclama, podemos abrírnos tanto a novas perspectivas de vida e de fe como a cambios persoais o colectivos que posibiliten transformación crítica e creativa no noso entorno¹¹.

Situándonos no imaxinario cultural dos oíntes primarios de Xesús, as benaventuranzas non aparecerán como unha proclamación de santidad senón de honorabilidade, porque o honor era o valor central no mundo antigo e, polo tanto, o que se está a proclamar é que quen vive as situacións que se describen adquire a máxima reputación na comunidade de Xesús. Sen embargo, o que propoñen está lonxe de ser considerado socialmente honorábel tanto naquela sociedade como na nosa. En xeral, traducimos o termo grego *makarios*, co que comeza cada benaventuranza, como felices ou benaventurados, mais tamén podería traducirse por

11 HALVOR MOXNES, *Poner a Jesús en su lugar. Una visión radical del grupo familiar y el Reino de Dios*, Verbo Divino (Estella) 2005.

honorábel ou honrado para destacar a proposta social que subxace nelas e a carga subversiva que posúen¹².

*Honorábeis son os e as pobres de espírito*¹³. Tendo en conta a mensaxe e a praxe de Xesús, é claro que Deus non fai honorábel a pobreza, senón os/s pobres. A honra que xeralmente se outorga aos ricos e poderosos é agora ofrecida a quen vive en duras condicións sociais e económicas, sen os recursos necesarios, explotados/as e aldraxados/as polos poderosos. Estas persoas, indefensas fronte ao/á opresor/a, sofren polo mal infrinxido e iso failles perder a esperanza, a dignidade e a autoestima. Á súa pobreza material engádesse a súa profunda dor na alma, por iso poden ser chamados/as pobres de espírito e non porque os/as alcance un estado ascético superior.

Deus fai honorábel a súa vida pola acción sandábel e salvadora de Xesús. Con ela Xesús pode devolverlles a esperanza, libéralos/as, acollelos/as, partillar con eles/as e invítalos/as a formar parte da comunidade do Reino, unha comunidade que está chamada a ser primicia dun cambio maior, o de facer posíbel un mundo diferente. Iso non ocorrera por medio de milagres senón polo signo, polo empeño sostido e paciente de quen cre nun novo ceo e unha nova terra onde habite a xustiza (2 Pe 3, 13).

Honorábeis son os e as que choran. As bágoas poden parecer signos de debilidade, de fracaso ou de tristura, mais tamén poden expresar indignación e queixume. Os e as que choran porque sofren abuso, non son ninguén ou négaselles o valor da súa dor, senten rabia, láméntanse, mais só o seu pranto parece ter voz. Raquel, a matriarca de Israel, é símbolo dese pranto desesperado das vítimas, mais tamén receptora do consolo prometido e dun futuro cheo de esperanza (Xr 31, 1-22). Nela faise memoria subversiva dun consolo que non só enxuga as bágoas, senón que

12 JEROME H. NEYREY, *Honor y vergüenza. Lectura cultural del evangelio de Mateo*, Sígueme (Salamanca), 2005.

13 Tomo coma referencia neste caso a versión de Mateo (Mt 5, 1-12), mais poderíase tamén traballar co texto de Lucas.

transforma a mirada, atravesas as fronteiras da existencia e devolve á vida¹⁴.

Honorábeis son os e as que non buscan vinganza. Sentir en propia carne o peso da inxustiza, sentirnos doídas/os polas condutas doutros/as, sabernos perdedoras/es en xogos tramposos pode tentarnos a ir tras a vinganza. Mais, se queremos formar parte da familia alternativa do Reino, temos que incorporar outro modo de resposta. Non é fácil, pero Xesús fíxoo primeiro. Quen non busca vinganza herdará a terra, porque perdoar, comprender e confiar é un estilo de vida que nos fai herdeiras/os do mundo soñado por Deus.

Honorábeis son os e as que teñen fame e sede de xustiza. Con frecuencia dóenos a inxustiza, dános rabia o abuso e os malos tratos, mais moitas veces contentámonos con indignarnos sen tomar decisións que axuden ao cambio. Ter fame e sede de xustiza é loitar porque exista unha relación xusta entre as persoas e os bens. Ter fame e sede de xustiza é elixir a palabra e non o silencio cómplice. Ter fame e sede de xustiza é non claudicar até que a bondade e a verdade se atopen.

Honorábeis son os e as que teñen misericordia. A misericordia caracteriza o reino de Deus. As curacións de Xesús e os seus exorcismos mostran misericordia, como tamén as súas comidas. A misericordia está no ADN de quen segue a Xesús. Amar sen esperar nada a cambio, perdoar os/as inimigos/as, estar ao carón de quen non conta é construír con eles e con elas a casa de Deus.

Honorábeis son os e as que teñen limpo o corazón. Os/as que non enganar, os/as que son honestos/as, e íntegros/as poden entender que é deixarse soste por Deus. Eles e elas viven desde o corazón e desde aí poden habitar unha espiritualidade auténtica e audaz que vivifique as súas vidas e as dos que están próximos a eles e a elas.

14 LOLA ARRIETA - ELISA ESTÉVEZ, *Acompañar en las periferias existenciales*, Narcea (Madrid), 2020.

Honorábeis son os e as que traballan pola paz. Nun mundo crispado, endurecido e violento necesitamos paz e pacificadoras/es que poidan imaxinar espazos habitábeis, que constrúan pontes e destrúan fronteiras. Cada xesto de paz fai xermolar a esperanza de fraternidade/sororidade. Cada xesto de paz fainos irmáns e irmás, cada xesto de paz fainos fillos e fillas de Deus.

Honorábeis son os e as que son perseguidos/as por causa da xustiza. Este modo de ser que proclaman as benaventuranzas cuestiona o mundo no que vivimos, quen aposta polo lugar imaxinado do Reino será incomodo, e mesmo perseguido. Quen queira vivir así, non será considerado/a honorábel para os criterios da nosa sociedade individualista e egoísta porque da mesma maneira perseguiron aos profetas, mais terán a sorte de axudar a cambiar o mundo ao estilo de Deus.

Apostar por unha vulnerabilidade habitada e sostida na confianza supón moitas veces tocar o límite, sufrir a incompreensión cando toca ser voceiros e voceiras da xustiza amorosa de Deus, mais posibilita vivir a fe e a esperanza afirmando que a pesar da fragilidade que se poida sentir cando se fracasa ou cando é silenciada ou cuestionada a palabra, Deus acompaña e salva.

Escoitar a Boa Nova de Xesús é arriscarse a ir aos desertos existenciais propios e alleos abrindo regos que leven auga fresquiña capaz de fecundar a vida. É dispoñerse a cambiar o rito pola experiencia para non deixarse atrapar polo de sempre, polo aprendido. É acoller con humildade e sinxeleza a grandeza e a oportunidade que ofrece calquera ser humano na súa vulnerabilidade e na súa posibilidade para non quedar aludido/a en si mesmo/a como se todo acabase nas beiras da existencia, no acougo do fogar, na proximidade no propio.

Xesús invita a aprender del, a ser discípulas/os seus e a ofrecer xunto a el palabras e xestos de consolo, camiños de liberación e perdón e experiencias de gratuidade e encontro. Neste tempos difíciles que seguimos a vivir, non son ofrendas e rezos o que o irmán e a irmá que sofren necesitan, senón que cada un de nós,

discípulas/os de Xesús, escoitemos a súa Palabra, imitemos a súa conduta e sexamos palabra de ánimo, esperanza, reconciliación... cada día e con quen o precise.

Aí quedan como remate as palabras do autor do libro das lamentacións que no medio da dor do exilio, a impotencia da perda e da fragilidade fonda do fracaso deixou escrito:

Isto traio no meu corazón, por isto teño esperanza: que a bondade (hesed) do Señor non se acaba, nin tampouco desapareceu a súa compaixón (rah^amîm) (Lam 3, 21-22).

Carme Soto Varela
Teóloga